

## **PROXECTO EMPRENDE**

### **PROGRAMA EMPLEA TALENTO**

**Santiago de Compostela, 10 de maio de 2011**

**Lugar de celebración: MUPEGA (San Lázaro 107)**

**De 16h30 a 21h00**

Baixo o título ***mozos emprendedores da eurorrexión (EMPRENDE)***, comeza a súa andaina este proxecto financiado polo programa de cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal (POCTEP) que ten como obxectivo principal a creación de empresas e de emprego para mozos, fomentando actividades estratéxicas que permitan o desenvolvemento de servizos e convertendo ao Espazo de Cooperación Transfronteirizo nun lugar atractivo para unha nova actividade económica e empresarial.

**Unha das súas primeiras actividades é o *PROGRAMA EMPLEA TALENTO*.**

Ante a necesidade de atopar un punto de encontro entre os mozos que veñen de rematar os seus estudos con dificultades para acceder ao mercado laboral ou emprender os seus propios negocios, directivos que buscan novos talentos para as súas empresas, e directivos que se encontran en situación de desemprego, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado coa colaboración da Asociación para o progreso da dirección desenvolverá en Santiago de Compostela o vindeiro 10 de maio o programa EMPLEA TALENTO.

**A falta de experiencia e contactos supón en numerosas ocasións unha barreira para este colectivo.** Algúns executivos pasan asemade por un momento difícil, en situación de desemprego con **dificultades para sobrevivir ás reestruturacións empresariais.**

Entre as saídas para estes perfís cunha ampla traxectoria e experiencia, pero con problemas para encaixar no sistema, encóntranse a formación e a reciclaxe, establecer novas relacións, a actividade de *business angel*, ou emprender un negocio propio.

Neste contexto, co obxectivo de aunar todas estas necesidades e o mesmo tempo potencialidades, nace **Emplea Talento**, un programa que con carácter experimental pretende dar resposta ás necesidades dos mozos, favorecendo a creación de oportunidades e promovendo a empregabilidade a través do coñecemento, a formación en habilidades e sobre todo as relacións.

Será un espazo de encontro, participación e intercambio entre mozos preparados con ideas pero sen experiencia e sen contactos por mor de achegar e dar a coñecer as demandas das empresas á hora de iniciar procesos de selección dos seus profesionais e futuros directivos, ofrecendo á xuventude unha vía alternativa para detectar oportunidades laborais e promovendo novos proxectos empresariais e o espírito emprendedor dos mozos.

EMPLEA TALENTO está inspirado no novo formato Afterwork, que promove o coñecemento e as relacións de tu a tu, creando un contorno distendido e participativo, as sesións articularanse nos espazos INSPÍRATE e ÁGORA:

- ESPAZO INSPÍRATE: no que descubrir, dun xeito próximo e participativo experiencias e persoas inspiradoras (relatorios de impacto sobre cuestións como liderado, éxito e fracaso, os valores, talento, motivación, innovación... que motiven á mocidade e sirvan para atraer a Directores de Recursos Humanos, reunindo no foro a oferta e demanda).
- ESPACIO ÁGORA: punto de encontro que permite as relacións, o intercambio e o coñecemento a través de actividades paralelas: talleres de habilidades sobre cómo vender unha idea, cómo impulsar o noso currículo, como afrontar unha entrevista persoal, o liderado e xestión de equipos; tempo para o lecer; lugar para

reunións informais no que os asistentes poidan presentarse, entrevistarse, traballar sobre posibles proxectos, etc.

Emplea Talento terá lugar o martes 10 de maio de 2011 no MUPEGA (Sán Lázaro 107, Santiago de Compostela) en horario de 16h30 a 21h00.

Inscricións: Información e inscricións: 981 53 64 34 | [apd@gal.apd.es](mailto:apd@gal.apd.es)